

Exercicios de repaso para a avaliación extraordinario

Analiza as seguintes formas verbais (nº, persoa, modo e tempo):

1. marcharei
2. temo
3. marchasen
4. cantabas
5. cantaríamos
6. produzan
7. comerdes
8. conduciu
9. falaren
10. comestes

Descompon as seguintes formas verbais:

	RAÍZ	VT	MMT	MNP
REXEITARA				
COMÉSEDES				
PEDIRÍA				
FALARDES				
TEMES				

Pon estas frases en presente:

1. Ese lobo non trabou a ninguén.
2. Segundo as premisas, deduciu a conclusión.
3. Cando o collín coa man, escaldoume.
4. Colliches o coitelo e cortaches o touciño.
5. Posuíron as mellores motos do barrio.
6. Amontoei os libros sen os colocar.
7. Cambiaron o armario de cuarto.
8. Afiaron as fouches antes de comezaren a seitura.

9. Obedecín todas as túas ordes.
10. Non os destituíron polos nosos asuntos.

Transforma estas frases comezándoas con *quizais*:

1. Penso que os deterán na alfándega.
2. Á tarde oiremos os resultados pola radio.
3. Iremos a Cuba este Nadal.
4. Farei todo o que ti esqueciches.
5. Estarante agardando na porta de Balaídos.
6. Darame unha boa nota neste exame.
7. Ao vérennos fuxirán a toda a présa.
8. Mentirá un pouco, segundo o seu costume.
9. Non caberemos todos en Pasarón.
10. Saberán polo xornal todo o que aconteceu co Deportivo.
11. Non che quererá ninguén ese produto.

Enche os ocos coa forma correcta do infinitivo conxugado:

1. Non paga a pena ir (ti)... andando ata o centro.
2. Sería máis custoso poñer (vós)... a banda ancha.
3. De sabelo (nós)... xa non estaríamos alí.
4. Por andar (eu)... de esmorga decote, estraguei o fígado.
5. Sen darlle (vós)... propina, non conseguiredes un bo asunto.
6. Tiveron que viaxar dous días con motivo de entregarche (eles)... o premio.
7. Con andar (ti)... a facer subornos, pouca sona vas coller.
8. Para arranaxcho (nós)... hoxe, terás que deixalo aquí.
9. Recoñeceu ser (vós)... os primeiros en chegar (vós)... a Riazor.
10. Para poder (el)... falar, debe pedir a palabra primeiro.
11. Paciencia, que non é preciso pór (nós)... dese xeito.

Subliña os complementos e substitúeos por un pronome:

1. Moitos compañeiros tiveron un agasallo.
2. Veña, arranxa todo iso para min!
3. Como meteron todas esas parvadas na cabeza (a ti)?
4. Nin comeu a sopa nin comerá as patacas.
5. Saíu da casa cedo e meteu a maleta no coche.
6. Antano compraban e vendían os escravos como se fosen animais.
7. Nalgures teño unha calculadora para ti.
8. Despois do partido deu unha masaxe aos xogadores.
9. Eu prefiro ver carreiras de cabalos.
10. Pregunta a lección a aquelas rapazas.

Subliña os complementos e substitúeos por un pronome:

1. Pon o funil á botella!
2. Pedín lentellas ao camareiro.
3. Puxo unha flor na lapela ao Pepe.
4. Despois tirou os estadullos ao carro.
5. Rubén colocou o roncón á gaita.
6. Pon sal aos pementos de Padrón, eses que uns pican e outros non.
7. A doutora recomendoulle ao meu curmán unha dieta moi xeitosa.
8. Aínda non lle empezaron as obras ao Gumersindo na ribeira.
9. Na rapa das bestas cóllenlles o rabo aos cabalos.
10. Saqueille os cartos da man cando o vin.

Aplica as regras de evolución aos seguintes étimos, nalgúns casos podemos obter unha palabra patrimonial e un cultismo

1. PLENAM
2. SECRETUM
3. CALIDUM
4. ARTICULUM
5. PLANUM

Le a seguinte cantiga e indica o xénero ao que pertence. Explica o refrán, o paralelismo o leixaprén. Que paisaxe suxire?

Vayamos, irmana, vayamos dormir
nas rrybas do lago, hu eu andar vy
a las avex meu amigo.

Vaiamos, hirmaña, vaiamos folgar
enas rribas do lago, hy eu vi andar
a las avex, meu amigo.

Enas rribas do lago, hy eu vi andar
seu arco na mão as aves ferir,
a las aves, meu amigo.

Seu arco na mano as aves ferir,
e las que cantavan léixalas guarir,
a las aves meu amigo.

Fernand'Esquio

Le a seguinte cantiga e responde:

a) Caracterización e identificación do texto:

- Comenta as grafías que máis contrastan coa lingua actual.
- Indica se é de escarnio ou maldicir e o seu tema.

b) Estrutura e técnicas literarias:

- Indica se a cantiga é de refrán ou mestría. Estrofas singulares ou unissonans
- Análise métrica e valor do aumentativo jograron.

Foi un día Lopo jogar
a cas dun infançon cantar;
e mandou-lh'ele por don dar
três couces na garganta;
e fui-lh'escass', a meu cuidar,
segundo com'el canta.

Escasso foi o infançon
en seus couces partir en ton,
ca non deu a Lopo, enton,
mais de três na garganta;
e mais merece o jograron,
segundo com'el canta.

Martín Soarez